

RECREOS LITERARIOS

Microrrelatos



IES
Ganido-Ferrol
Biblioteca Navegantes

Houbo unha vez un Raio que caeu dúas veces no mesmo sitio; pero decatouse que na primeira xa fixera dano abondo, que xa non era necesario, e deprimiuse moito.

--OO--

Cando acordou, o dinosauro aínda estaba alí.

Augusto Monterroso

O último ser humano vivo lanzou a derradeira palada de terra sobre o derradeiro morto. Nese instante soubo que el era inmortal, porque a morte só existe na ollada do outro.

(Alejandro Jodorowsky)

Levantou a mirada e por primeira vez atreveuse a miralo directamente aos ollos. Nese instante soubo que tamén el estaba namorado.

(Leticia Costas)

Plena madrugada, naquele prédio estaba sempre acesa a terceira janela. Um doente terminal vivia com intensidade, lendo todos os livros que ainda podia.

(Carlos Seabra)

Aquel home era invisíbel, pero ninguén se decatou.

(Gabriel Jiménez Eman)

"Ágrafa musulmana en papiro de oxyrrinco"

Estabas a rentes de terra e non te vin. Tiven que cavar até o fondo de min para atoparte.

(Juan José Arreola)

"...o drama do desencantado que se arroxou á rúa dende o décimo andar, e a medida que caía ía vendo a través das xanelas a intimidade dos seus veciños, as pequenas traxedias domésticas, os amores furtivos, os breves instantes de felicidade, dos que a escaleira común nunca tivo noticia, de modo que no instante de rebentarse contra o pavimento da rúa cambiara por completo a súa concepción do mundo, e chegara á conclusión de que aquela vida que abandonaba para sempre pola porta falsa pagaba a pena que fose vivida.

(Gabriel García Márquez)

A miña nai axústame o colo do abrigo, non porque comece a nevar, senón para que comece a nevar.

(César Vallejo)

"Ameazas"

-Vouche devorar -dixo a pantera.

-Peor para ti –dixo a espada.

(William Ospina)

“O espello chinés”

Un labrego chinés foi á cidade para vender a colleita de arroz, e a súa muller pediulle que non esquecese de lle traer un pente.

Despois de vender o seu arroz na cidade, o labrego xuntouse cuns compañeiros, e beberon e troulearon moito tempo. Despois, confundido, no momento de voltar, lembrou que a súa muller lle pedira algo; mais , o que era? Non o recordaba. Daquela entrou nunha tenda de cousas de mulleres e mercou o primeiro que lle chamou a atención: un espello. E regresou á aldea.

Deulle o agasallo á súa muller e marchou a traballar á valga. A muller mirouse no espello e comezou a chorar sen consolo. A nai preguntoulle o porqué daquelas bágoas.

A muller deulle o espello á súa nai e díxolle:

- O meu home trouxo outra muller.

A nai colleu o espello, mirouno e díxolle á súa filla:

- Non te preocupes, é moi vella.

(Anónimo)

NOSO PAI QUE ESTÁS NO CEO

Mentres o sarxento interrogaba á súa nai e á súa irmá, o capitán levou o neno, dunha man, ao outro cuarto...

- Onde está o teu pai? - preguntou.
- Está no ceo -borboriñou el.
- Como? Morreu? -preguntou asombrado o capitán.
- Non, dixo o neno-. Todas as noites baixa do ceo a cear connosco.

O Capitán ergueu a vista e descubriu a portíña que daba ao faiado.

(José Leandro Urbina)

Chamábanlle a 'marquesiña' e os seus peños endexamais se calzaron

Vai á fonte, depelica patacas e chámanlle a Marquesiña.

Non foi á escola por non ter chambrá que pór, e chámanlle a

Marquesiña.

Non probou máis lambetadas que unha pedra de azucre, e chámanlle a

Marquesiña.

A súa nai é tan probe que traballa de xornaleira na casa do marqués.

¡E aínda lle chaman a Marquesiña!

--00--

Aínda eu era médico rural e rubía por un camiño da serra. Os casais estaban lonxe, os arboredos tamén e por alí non había máis que toxos e pedras.

O curuto avistei a figura dunha muller que me chamaba coa man, e o patrucio que camiñaba de par do meu cabalo contoume:

¡Malpocadiña! Chámanlle *a tola do monte*. Era unha rapaza ben asisada e bonita coma un un sol e din que foi unha meiga que a enfeitizou e despois de perder o xuízo tívolle un fillo e contan que foi do demo...

Por riba da tola do monte voaba un miñado.

--00--

Se eu fose autor escribiría unha peza en dous lances. A obriña duraría dez minutos nada máis.

LANCE PRIMEIRO

Érguese o pano e aparece unha corte aldeá. Enriba do estrume hai unha vaca morta. Ao redor da vaca hai unha vella velliña, unha muller avellentada, unha moza garrida, dúas rapaciñas bonitas, un vello patrucio e tres nenos louros. Todos choran a fío e enxoitan os ollos coas mans. Todos fan o pranto e din cousas tristes que fan rir, ditos paifocos de xentes labregas, angurentas e cobizosas, que pensan que a morte dunha vaca é unha gran disgracia. O pranto debe ter unha gracia choqueira, para que estoupen de risa os do *patio de butacas*.

E cando se fartan de rir os señoritos baixará o pano.

LANCE SEGUNDO

Érguese o pano e aparece un estrado elegante adobiado co moito señorío. Enriba dunha mesa de pés ferrados de bronce, hai unha bandexa de prata, enriba da bandexa hai unha almofada de damasco, enriba da almofada hai unha cadeliña morta. A cadela morta semellará unha folerpa de neve. Ao seu redor chora unha fidalgona e dúas fidalguiñas novas. Todas elas fan o pranto e enxoitan as bágoas con paniños de encaixe. Todas van dicindo, unha a unha, as mesmas parvadas que dixeron os labregos diante da vaca morta, ditos tristes que fan rir, porque a morte dunha cadela non é para tanto.

E cando a xente do galiñeiro se farte de rir a cachón, baixará o pano moi amodiño.

O pai de Migueliño chegaba das Américas e o rapaz non cabía de gozo no seu traxe festeiro. Migueliño sabía cos ollos pechados como era o seu pai; pero denantes de saír da casa botoulle unha ollada ó retrato.

Os americanos xa estaban desembarcando. Migueliño e a súa nai agardaban no peirao do porto. O corazón do rapaz batíalle na táboa do peito e os seus ollos esculcaban nas greas en procura do pai ensoñado.

De súpeto avistouno de lonxe. Era o mesmo do retrato, ou aínda mellor portado, e Migueliño sentiu por el un grande amor, e canto máis se achegaba o americano, máis cobiza sentía o rapaz por enchelo de bicos. Ai, o americano pasou de largo sen mirar para ninguén, e Migueliño deixou de quere-lo.

Agora si, agora si que o era. Migueliño avistou outro home moi ben traxeadado e o corazón dáballle que aquel era o seu pai. O rapaz devecía por bicalo a fartar.

¡Tiña un porte de tanto señorío! Ai, o americano pasou de largo e nin tan sequera reparou en que o seguían os ollos angurentos dun neno.

Migueliño escolleu así moitos pais que non o eran e a todos quixo tolamente.

E cando esculcaba con máis anguria fíxose cargo de que un home estaba abrazando a súa nai. Era un home que non se parecía ó retrato; un home moi fraco, metido nun traxe moi frouxo; un home de cera, coas orellas fóra do cacho, cos ollos encoveirados, tusindo...

Aquel si que era o pai de Migueliño.

(Alfonso Daniel Rodríguez Castelao)

A UBICUIDADE DAS MAZÁS

A frecha disparada pola bésta precisa de Guillermo Tell parte en dúas a mazá que está a punto de caer sobre a cabeza de Newton. Eva toma a metade e ofrécelle a outra ao seu consorte para rexouba da serpe. É así como nunca chega a formularse a lei da gravidade.

(Ana María Shua)

A MONTAÑA

O neno empezou a trepar polo corpazo do seu pai, que adormecía na butaca no medio da gran sesta, no medio do gran patio. Ao sentilo, o pai, sen abrir os ollos e rindo polo baixo, púxose todo duro para ofrecer ao xogo do neno unha solidez de montaña. E o cativo foino escalando, apoiábase nos montes das pernas, na ribada do peito, nos brazos, nos ombreiros, inmóbiles como rochas. Cando chegou á cima da nevada cabeza, o rapaz non viu a ninguén.

-Papá, papá! - chamou a piques de chorar.

Un vento frío sopraba aló no cume, e o neno, fundido na neve, quería camiñar e non podía.

Papá, papá!

O neno botouse a chorar, só encol do desolado pico da montaña.

(Enrique Anderson Imbert)

O MURIGANTE

Fálase moito do murigante na Terra de Miranda, nesta miña provincia de Mondoñedo. É unha especie de esperteiro, un rato con azas, pero non voa. As azas vainas usando como abano pra avivar o lume da cociña. É moi curioso de contos, e está atento, escondido nun recuncho ou na lacena, ao que conta a xente nos escanos da cociña. Se o conto que se dixo gustoulle, entón golpea coas tapas das tarteiras e abroua o lume. Aquí chámanlle abrouar o lume a escaravellar nel co atizador ou cunha estela. O murigante sempre ten frío, pero no verán, nos días quentes, sae ao campo, a espiollarse. Ten a cor negra lucida, é grande bebedor de leite callada, e fai teas, como as arañas. Aseguran que ten ollos moi humanos, e que anda a brincos. Unha vez un paisano atopou un murigante na cociña, na que se apagara o lume. Vai o home e acendeuno de novas. Entón o murigante saíu do recuncho, e abaneando coas súas azas, falou:

-Non hai ouro no mundo que pague saber facer lume!

(Álvaro Cunqueiro)

PLAXIO

“Cando sexa maior”, dixo o fillo ao pai, “quero ser coma ti”. O pai mirouno, “non sei se sacar o cinto”, pensou.

(Roberto V. Noguero)

A PRIMEIRA VISTA

Vérense e amárense tolamente foi unha soa cousa. Ela tiña os queiros longos e afiados. El tiña a pel branda e suave: estaban feitos o un para o outro.

(Poli Délano)

ARDIENTE

Queres soprarma neste ollo? -díxome ela-. Metéuseme algo nel que me molesta.

Sopreille no ollo e vin a súa santiña acenderse coma unha brasa que axexara entre cinzas.

(José de la Colina)

FUNDICIÓN E FORXA

Todo o imaxinou Supermán, menos que caería derrotado naquela praia quente e que o seu corpo fundido, serviría despois para facer tres ducias de parafusos de aceiro, de regular calidade.

(Jairo Aníbal Niño)

A CONTADORA DE CONTOS

Abrín o armario e un forte arrecendo de reinetas tinguiu o aire.

-¿Onde as gardas, avoa?

-Déitate, nena, para soñar. Quero que vexas a procesión das mulleres despeiteadas.

-As reinetas, digo.

-Déitate, nena. Púxenche as sabas de liño, as que tecín para ti ao longo de mil anos.

-Se non as hai, ¿por que recenden?

-Veñen de lonxe, podes velas camiñar, descalzas, cara ao túnel que conduce ao país da memoria.

-Eu falo das mazás, avoa.

-Eu falo das mulleres despeiteadas: levan o nome gardado en olas de barro, moldeadas por homes.

-¿E el que queres que eu faga, avoa?

-Que as agardes á saída do túnel coa lanterna acesa e que lles escaches as olas.

-¿E onde gardarán despois os nomes?

-Os nomes non son para gardar, son para chantalos na terra e que boten raíces, pero agora ... dorme.

-Esta noite roubáronme o sono.

-Conta ovellas.

-Conto cabaliños de mar porque xa rematei coas ovellas.

-Os cabaliños de mar son como talismáns e escasean moito. Collen todos na cunca dunha man e aínda che queda a outra para apañares buguinas. Conta buguinas ...

-Buguinas non, avoa. Nas buguinas ecoa o mar e moitas buguinas son moitos mares e moitos mares son moitas mortes.

-E moitas mortes son moitas vidas ... Conta vidas. Conta vidas como ovellas, como cabaliños de mar, como mulleres despeiteadas, como mazás reinetas que xa non están pero deixan o arrecendo ...

-Como meigas e xacias e soldadeiras e mulleres que son chuvia e monxas que son pagás e contadoras de contos que regresan da China nun avión e xa dormen. E ...

(Marica Campo)

